

Resolución do 22 de marzo de 2022 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública de convocatoria á elección de praza proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de concurso

De conformidade co establecido na base 10 da Orde do 5 de outubro de 2021 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos de Policía Local, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso (DOG núm. 204, do 22 de outubro de 2021)

RESOLVO

Primeiro

Con data 22 de outubro de 2021 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 204 a Orde do 5 de outubro de 2021 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos de Policía Local, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso.

Segundo dispón a convocatoria na base 10.1 da convocatoria “O tribunal remitiralle á Agasp a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira segundo o resultado do concurso de méritos, en número non superior ao de prazas convocadas, xunto con igual número de reservas”

Con data 21/03/2022 o Tribunal designado para cualificar o proceso emite a resolución pola que se aproba a baremación definitiva da fase de concurso da quenda de mobilidade. O anexo I da dita resolución ordena ás persoas aspirantes por orde decrecente da puntuación obtida na dita fase de concurso.

O Anexo III da convocatoria especifica as prazas convocadas pola quenda de concurso. Este anexo foi modificado mediante resolución da Dirección Xeral da Agasp do 22 de novembro de 2021. As prazas convocadas pola quenda de concurso son as que figuran no Anexo II deste resolución.

Tendo en conta, polo tanto, o número de prazas convocadas a este proceso e a resolución do 21 de marzo do Tribunal designado para cualificar o proceso pola que se aproba a baremación definitiva da fase de concurso da quenda de mobilidade convócase ás persoas aspirantes da quenda de mobilidade que figuran no Anexo I desta resolución, xunto coas persoas que figuran na listaxe de reserva do mesmo Anexo I, á reunión presencial para elixir praza por rigorosa orde da puntuación obtida neste proceso selectivo, que é a que figura no Anexo I desta resolución e de acordo co establecido na solicitude de participación no proceso que terá lugar o día **24 de marzo de 2022 as 10:30 horas no salón de actos da Agasp.**

As persoas aspirantes deberán acudir ao acto de elección de praza provistas do DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa identidade No suposto de non comparecer persoalmente poderán ser representadas por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

A concorrencia por parte das persoas aprobadas a esta reunión é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que se aplican á obriga de acudir ás probas das oposicións consonte o artigo 12 do Decreto 243/2008. Ás persoas convocadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante seranlles adxudicadas as prazas que



lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas ás persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

Unha vez finalizado o acto de elección de praza, a Agasp notificaralle inmediatamente aos concellos interesados a proposta de nomeamento como funcionario de carreira dos correspondentes concellos, para que a eleven a definitiva tal proposta e se proceda ao seu nomeamento como funcionario de carreira no corpo de Policía Local correspondente.

Así mesmo, a persoa aspirante que escolla praza neste acto, dispón dun máximo de 5 días (é dicir, ata o día 31 de marzo de 2022) para presentarse no concello seleccionado aos efectos do seu nomeamento e toma de posesión como personal funcionario de carreira dese concello. De non facelo, enténdese que desiste e decaen todos os seus dereitos neste proceso.

Segundo

Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lai 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso – administrativa.

A Estrada, 22 de marzo de 2022

Santiago Villanueva Álvarez
Director Xeral da Agasp



ANEXO I

**Listaxe de persoas convocadas ao acto de elección da praza na quenda de concurso
(orde do 5 de outubro de 2021)**

POSICIÓN	NIF CIFRADO	NOME	APELIDO 1	APELIDO 2
1	***1499**	MARIA ROSAURA	REZA	GOMEZ
2	***6987**	ANTONIO	COLMENERO	LLOVES
3	***6912**	JAVIER	MIGUENS	MAGARIÑOS
4	***1552**	SANTIAGO	VIEITES	HERMIDA
5	***8734**	FRANCISCO JOSE	OTERO	LOPEZ
6	***2331**	LUIS	CARBALLA	GOMEZ

LISTAXE DE RESERVA

POSICIÓN	NIF CIFRADO	NOME	APELIDO 1	APELIDO 2
7	***0072**	MANUEL DAVID	GONZALEZ	CASTRO
8	***4498**	JESUS	RODRIGUEZ	VICENTE
9	***3557**	JOSE ALFONSO	ALVAREZ	CAMIÑO
10	***6710**	JOAQUIN	DIAZ	RAMOS
11	***2444**	JOSE	PEREZ	LOURO
12	***1355**	DAVID	ABOLLO	RODRIGUEZ

ANEXO II

Prazas convocadas

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escala	Categoría	Grupo	Procedemento de selección
A Coruña	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Concurso
Santiago de Compostela	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Concurso
Tui	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Concurso

